



2


**dálle
á lingua**



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística




Obxectivos

Obxectivos desta unidade:


- ❖ Falar de sensacións e dificultades na aprendizaxe de linguas
- ❖ Relatar experiencias na aprendizaxe de linguas
- ❖ Como pedir e dar información sobre cursos de lingua
- ❖ Como responder a cuestionarios sobre cursos de lingua

Coñecemento do código

- ❖ Pretérito de indicativo
- ❖ Resúltame fácil / difícil / cústame/ prefiro +infinitivo
- ❖ Preguntas na clase
- ❖ Deletrear
- ❖ Ditongos



Actividade introdutoria

1. A Escola *Lingua con Lingua* animate a estudar galego con nós, mesmo se vives fóra de Galicia. 
 Vas escoitar unha audición onde se fala da aprendizaxe do galego. Intenta responder a algunha das preguntas que nela se fan.
2. Le a información dos Cursos de Verán da Escola Lingua con lingua, despois cubre a tarxeta de inscrición.

CURSOS DE VERÁN DE LINGUA E CULTURA GALEGAS PARA ESTRANXEIROS (1-24 XULLO 2008)

ORGANIZA: ESCOLA LINGUA CON LINGUA

COLABORA: XUNTA DE GALICIA

Directora: Sabela Fortes Andrade

O territorio e os falantes

O galego é a lingua propia de Galicia, un territorio situado ao NO da Península Ibérica. O galego é falado nas catro provincias que compoñen esta comunidade autónoma, así como por habitantes dos territorios limítrofes das provincias de Asturias, León e Zamora. Dos case 3.000.000 de habitantes, hai máis de 2.000.000 que falan habitualmente o galego, aos que cómpre engadir case 1.000.000 de emigrantes dispersos por toda a Europa occidental, os EE.UU. e América do Sur. En Galicia tamén se fala o español, que durante séculos foi a única lingua oficial do Estado español. Na actualidade as dúas linguas son coñecidas pola inmensa maioría da poboación galega, e o galego, lingua maioritaria, atópase nun proceso bastante adiantado de normalización.

A situación legal da lingua galega

- O galego é **lingua propia** de Galicia.
- O galego é lingua **oficial** na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto ao español.
- Os poderes públicos teñen o deber de favorecer o coñecemento e utilización do galego.
- Todos os cidadáns galegos teñen o **dereito de coñecer e de empregar o galego** en todos os ámbitos da vida pública.
- O ensino do galego e do español é **obligatorio** en todos os centros escolares.

Actividades do curso

O fin primordial do Curso será dar ao estudante a oportunidade de familiarizarse coa lingua galega e coa realidade sociocultural de Galicia. Amais das clases teóricas e prácticas de lingua galega, están programadas leccións sobre a literatura, historia, xeografía, arte etc., de Galicia, así como excursións e visitas aos lugares de principal interese cultural e paisaxístico de Galicia.

Niveis:

- **Elemental**, de iniciación á lingua galega. Para aqueles alumnos que desexen introducirse no coñecemento desta lingua.
- **Medio**, destinado aos alumnos que xa cursaron o elemental, ou que posúan un coñecemento básico do idioma. Poderáselles realizar un test.
- Un **curso superior de Filoloxía Galega**.

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela é a capital de Galicia, e atópase situado aproximadamente no centro do seu territorio.

O monumento por antonomasia da cidade é a súa catedral. O Pórtico da Gloria, a fachada das Praterías, a do Obradoiro, sobresaen dentro do conxunto, así como as prazas que a rodean.

A disposición medieval da poboación vella está aínda ben diferenciada da zona moderna na que se produciu un crecemento da cidade.

Santiago ten comunicacións co resto de Galicia, tanto por estrada coma por ferrocarril. As praias máis próximas atópanse a uns trinta minutos en automóbil da cidade.



Viaxe e aloxamento

Santiago ten un aeroporto internacional, a dez quilómetros da cidade. Ten enlaces ferroviarios diarios con Madrid, e coa fronteira francesa de Irún-Hendaya. Desde Irún, e desde Madrid, hai ademais autobuses a Santiago. Sen ningún compromiso, a secretaría dos Cursos facilita unha lista de pensións e casas particulares a aqueles alumnos que a soliciten.

Inscrición e recepción

Poderanse inscribir todas as persoas que o desexen. Unicamente se esixe ter cumpridos 18 anos, e que a ficha e a cota de inscrición cheguen á Secretaría dos Cursos antes do día 1 de maio.

O importe da matrícula é de 200 euros, e nel están incluídos o dereito a clases, material didáctico, excursións, certificados, etc.

Deste importe, débese enviar en concepto de inscrición antes do 1 de maio 40 euros, á conta núm. IBAN ES96 0050 2686 92249432 0203 do Banco Santander Central Hispano (Cód. SWIFT:BSCHESMMXXX), r. Calderería, 54, Santiago de Compostela, facendo constar "Curso de galego" e o nome do remitente. Os 160 euros restantes pagaranse ao presentarse na Secretaría dos Cursos, en Santiago.

A recepción de alumnos farase na Secretaría do Curso. O seu enderezo é:

Secretaría de Cursos de Galego para estranxeiros
Escola Lingua con lingua
Praza Cervantes, 4
15703 Santiago de Compostela
(España)

TARXETA DE INSCRICIÓN

APELIDOS: _____
NOME: _____
DATA DE NACEMENTO: _____
NACIONALIDADE: _____
PASAPORTE (ou Documento de Identidade) Nº: _____
ENDEREZO: _____
NIVEL:
 ELEMENTAL MEDIO SUPERIOR
DATA: _____

FOTO

Sinatura,

Esta tarxeta debe chegar antes do 1 de maio de 2008 a:

Secretaría de Cursos de Galego para estranxeiros
Escola Lingua con Lingua
Praza Cervantes, 4
E-15703 Santiago de Compostela

Para calquera información complementaria diríxanse a este mesmo enderezo, ou ao teléfono 981 564 200.

Para chamadas de fóra de España débese marcar o: 34-981-564200.

E-mail: cursos.linguaconlingua@escoladeveran.com

Fax: 34-981 -564201



Gramática e Léxico

Prácticas guiadas

1. As túas experiencias nas clases de idiomas


A Responde a este cuestionario sobre as túas experiencias nas clases de idiomas:

1. Sinala o que máis che axudou (ou che axuda) a aprender nas túas clases de idiomas:

- Falar e debater temas en parellas ou en grupos
- Ler textos e responder a preguntas
- Traducir textos
- escoitar unha gravación e responder a preguntas
- escoitar ao profesor
- Escribir textos breves ou sinxelos (mensaxe, postais...)
- Escribir textos máis complexos (redaccións, cartas...)
- Facer exercicios gramaticais
- Facer xogos coa gramática, o vocabulario, etc.
- Practicar a pronunciación
- Facer deberes e corrixilos
- _____
- _____

2. Sinala qué preferiches (ou prefires) facer na clase (C) e qué fóra da clase (F):

- () Ler
- () Escribir
- () Falar
- () escoitar gravacións
- () Facer exercicios de gramática
- () Facer exercicios de pronunciación
- () Memorizar listas de vocabulario
- () Aprender regras de gramática
- () Buscar palabras novas no dicionario
- () _____
- () _____



3. Normalmente, como preferiches (ou prefires) traballar na clase? (Sinala unha ou varias opcións).

- Só/ soa
- En parellas
- En pequenos grupos
- Co profesor

4. Como te sentiches (ou te sentes) cando, na clase, falabas a lingua que estudabas (falas a lingua que estudas)? (Sinala unha ou varias opcións).

Bastante seguro/a de min mesmo/a

Un pouco incómodo/a

Como un/unha neno/a pequeno/a

Sentín/sinto un pouco de vergonza

Non sentín/sinto nada especial

5. Que foi (é), para ti, o máis fácil do galego e doutras linguas que estudaches (estudas)?

6. Que foi (é) o que máis che custou (custa) facer en galego? Sinálao.

- Aprender a gramática
- Pronunciar ben (o x ou nh)
- Falar con fluidez
- Recordar o vocabulario
- Comprender conversacións
- Escribir correctamente
- Ler textos complexos
- _____
- _____



7. Que é o que máis che gustou das túas anteriores clases doutras linguas (ou desta)?


8. E o que menos?


B Compara as respostas coas de dous compañeiros.

Exemplos:

- *A min non me gustou traballar só na clase, porque creo que era importante falar galego e practicar.*
- *Xa, pero ás veces necesitamos traballar individualmente para reflexionar e pensar ben as cousas.*
- *Si, e tamén para memorizar palabras, aprender regras gramaticais...*

- *A min resultoume fácil falar en galego.*
- *Pois a min o que máis me custou foi empezar a falar.*
- *Eu creo que escoitar audicións foi moi útil.*





2. Fixeches un curso de galego ou doutra lingua en Galicia ou fóra?

A Que cousas valoraches especialmente do centro de estudo ao que decidiches ir? Sinálaas por orde de importancia.

O número de horas de cada curso e o horario	<input type="checkbox"/>
Os distintos niveis de galego que se impartían	<input type="checkbox"/>
A metodoloxía dos cursos	<input type="checkbox"/>
O número de alumnos por aula	<input type="checkbox"/>
A formación dos profesores	<input type="checkbox"/>
Os exames de nivel	<input type="checkbox"/>
A certificación que se obtiña a final do curso	<input type="checkbox"/>
Os prezos dos cursos	<input type="checkbox"/>
As instalacións con que contaba a escola (biblioteca, sala de recursos...)	<input type="checkbox"/>
As actividades complementarias que ofertaba a escola (excursións, actividades culturais...)	<input type="checkbox"/>
Os certificados de calidade que ofertaba a escola	<input type="checkbox"/>
O tipo de aloxamento que ofertaba a escola	<input type="checkbox"/>
A oferta cultural e de ocio da cidade na que se atopaba a escola	<input type="checkbox"/>
A temperatura media da cidade onde estaba a escola	<input type="checkbox"/>
Outros	<input type="checkbox"/>
.....	<input type="checkbox"/>
.....	<input type="checkbox"/>
.....	<input type="checkbox"/>
.....	<input type="checkbox"/>
.....	<input type="checkbox"/>

B Compara os resultados cos do teu compañeiro.

Exemplos:

- *Eu busquei unha cidade con praia.*

- *Para min foi máis importante saber os prezos dos curso.*

PRETÉRITO DE INDICATIVO DOS VERBOS REGULARES

ANDAR

andei
andaches
andou
andamos
andastes
andaron

APRENDER

aprendín
aprendiches
aprendeu
aprendemos
aprendestes
aprenderon

ESCRIBIR

escribín
escribiches
escribiu
escribimos
escribistes
escribiron

OLLO!



Lembra que o pretérito de andar en galego é regular.

PRETÉRITO DE INDICATIVO DALGÚNS VERBOS IRREGULARES

DICIR

dixen
dixeches
dixo
dixemos
dixestes
dixeron

ESTAR

estiven
estiveches
estivo
estivemos
estivestes
estiveron

IR - SER

fun
fuches
foi
fomos
fostes
foron

LER

lin
liches
leu
lemos
lestes
leron

PODER

puiden
puidexes
puido
puidemos
puidestes
puideron

QUERER

quixen
quixeches
quixo
quixemos
quixestes
quixeron

TER

tiven
tiveches
tivo
tivemos
tivistes
tiveron

TRAER

trouxen
trouxeches
trouxo
trouxemos
trouxestes
trouxeron


VER

vin
viches
viu
vimos
vistes
viron

VIR

Vin
viñeches
veu
viñemos
viñestes
viñeron

3. Completa usando verbos dos recadros en pretérito de indicativo.




- a) - Onde o ano pasado?
- en Londres pero a mediados de ano a Galicia.
- b) en París algunha vez?
- Si, o ano pasado por toda Europa.
- c) - o último libro de Teresa Moure?
- Non, aínda non o
- d) - Eu todos os exercicios deste tema, creo que os de gramática os máis difíciles.
- e) A semana pasada buscando información para facer un curso por Internet.
- f) Fernando e mais eu matricularnos por teléfono.
- g) a nova serie da televisión galega?
- Non, onte ao cine.
- h) moitos problemas para localizar o profesor?
- Non, o seu teléfono na guía do estudante.

4. Transforma o texto de *Sempre en Galiza* de Castelao pasando os verbos ao pretérito.

Alguns homes -galegos tamén- andan a falaren dun idioma universal, único para toda a nosa especie [...] Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí vai a demostración: un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal.

5. Na clase usamos unha serie de expresións para comunicarnos e para falar da propia lingua.

Fixate no caderno de Rosa:



Fai ti a túa propia ficha coas expresións que necesites.



ð tʃ

Fonética

1. Lembras os enderezos das páxinas Web que escoitaches na Actividade Introdutoria (exercicio 1)? Dítallos ao teu compañeiro ou á túa compañeira.

Exemplos:

- Cal era o enderezo da páxina de Vieiros?
- Creo que é hache te te pe dous puntos barra barra tres uves dobres..

Volve escoitar a audición para comprobar que son correctos.

DITONGOS, TRITONGOS E HIATOS

Dúas ou tres vogais xuntas forman ditongo ou tritongo, de forma que se pronuncian nunha soa sílaba.

exercicio (e-xer-ci-cio)

queixo (quei-xo)

pouco (pou-co)

familia (fa-mi-lia)

estudei (es-tu-dei)

viaxe (via-xe)

partiu (par-tiu)

escribiu (es-cri-biu)

andou (an-dou)

adecuou (a-de-cuou)

Non se considera ditongo a unión de dúas vogais abertas.

aldea (al-dea)

cheo (cheo)

Cando o acento recae na vogal pechada, rómpese o ditongo e prodúcese un hiato.

María (Ma-rí-a)

país (pa-is)

Cando temos iu ou ui, se é tónico o segundo prodúcese un hiato.

miúdo (mi-ú-do)

xuízo (xu-i-zo)

viúvo (vi-ú-vo)

ruído (ru-í-do)

2. Escoita e escribe as palabras que levan ditongo, despois márcalo. 



Galego en acción

1. Le o seguinte texto e contesta as preguntas:

Cal cres que era a motivación da autora para estudar inglés?

Por que cres que esta persoa fracasou sempre que tentou aprender inglés?

Con algunha das linguas que estudaches pasouche algo parecido á autora do texto?

“ (...) O meu santo dáme polas mañás clase de inglés. A min, que fracasei en todas as academias, tamén con profesores particulares. Tiven nativos (cada un do seu lugar de nacemento): unha de Minesota, dous de Londres e unha de Cuenca. Os estranxeiros quedaron moi contentos, ensíneilles a manexarse perfectamente en castelán, concretamente aos dous ingleses, que eran gais, ensíneilles a xerga de ambiente para que gozasen ao máximo. A de Minesota fixo moi boas migas cos meus sogros, que estaban pasando unha tempada na casa. Había tardes en que, como eu saía ás miñas cousas, ela pasaba a hora de clase con eles e, tan ricamente, dábanlle de merendar e ela dicía que ben se comía en España e os meus sogros que nunca imaxinaran que os estranxeiros podían ser tan boas persoas. Coa de Cuenca, a esa non lle tiven que ensinar español, pero tiven que hospedala na miña casa uns días porque a pobre quedou na rúa. Dábame pena que volveuse a Cuenca como unha fracasada.



“ (...) De academias nin me fales. Nunha ocasión, nunha clase puxéronme de parella con Afonso, o torpe da clase. Facíamos representacións para desinhibirnos. Unha vez, Afonso e mais eu tiñamos que facer coma que íamos nunha barca de remos e falar do tempo meteorolóxico. Pasamos todo o traxecto remando, sen falar. O profesor dixo que non entenderamos o concepto do exercicio.

Elvira Lindo: El mundo es un pañuelo. Tinto de verano (II)

(Madrid, 2002, Aguilar, páx. 123 [texto adaptado])



1. Le estes titulares do xornal *Vieiros*.

28 de xuño de 2007

O 50% das materias en galego.

Apróbase o Decreto de promoción do galego no ensino

O Consello da Xunta aprobou este xoves o decreto que desenvolve a Lei de normalización lingüística, polo cal o alumnado ten que rematar cada tramo educativo coa mesma competencia oral e escrita en ambas as dúas linguas oficiais.

28 de xuño de 2007

Novo Decreto para o ensino.

Despois do consenso... a guerra lingüística

As críticas que esta semana lanzou un partido político contra a maior presenza do galego nas escolas poden abrir unha nova batalla política.

2 de xullo de 2007

Di que os nenos non poderán falar español cos mestres.

Un partido político afirma que o decreto do galego servirá para “impor ideoloxía” nas aulas

O seu portavoz denuncia que a nova norma “racha con 25 anos de consenso sobre o bilingüismo harmónico”.

2. Crea ti un titular de prensa sobre o ensino do galego.

3. O profesor reparte estas fichas entre os alumnos:

A metade das materias no ensino en galego?

Opiniós adaptadas de La Voz de Galicia (2/07/2007).

Dá o mesmo que poñan o 50% có 100%. Os profesores van seguir impartindo as clases en castelán como fixeron ata agora. Pásanse a lei por onde poden e os nenos o único que teñen en galego é o libro por se ven a inspección. *(Un docente)*

É necesario poñer o galego ao mesmo nivel có castelán e para iso non pode ser só na escola ten que ser en todos os ámbitos. Teñen que ser os xornais, os medicamentos, as receitas, os manuais de instrucións... Os que din que defenden as dúas linguas, nunca os vin pedindo os informes médicos en galego... *(Xoán)*

Todos os habitantes de Finlandia, Noruega, etc. saben falar perfectamente inglés. Pero non se lles ocorre pensar en abandonar a súa lingua propia. O idioma de uso normal en todos os ámbitos é o propio do país, non o inglés (e non me parece que lles vaia tan mal así). Está ben saber inglés e castelán pero o idioma propio de Galicia é o galego *(Xosé)*

O galego e o castelán son igual de oficiais dende o punto de vista legal, pero o feito é que o galego sempre foi considerado unha lingua vulgar, familiar e de segunda categoría. Non podemos deixar que a nosa lingua se perda, así que temos que garantir que os nenos a aprendan e a empreguen, polo menos tanto coma o castelán *(Xosé Antón)*

Temos complexos por expresarnos en galego. Alguén parece que si. Cada quen acompléxase do que quere, uns por ser baixiños... E outros falan castelán, por que lles parece máis fino? *(Xosé)*

Se comparamos unha lingua cunha nai... Miña nai non é rica, pero é a miña nai e quérolle máis ca a ninguén no mundo. Ao lado hai outra señora, poderosa, rica.... En fin, o caso é que non é a miña nai, que lle imos facer, a quén elixiriades? Está claro que á nai biolóxica. Pois ben, se non entendedes que a lingua é coma unha nai, se nunca nolo transmitiron, dificilmente imos entender por qué debatemos isto agora. O único xeito de cambiar as tornas está na escola. Logo, que se ensine en Galego!!! *(Xurxo)*

Impartir a metade das materias en galego é impoñer, nembargante, impartilas todas en castelán non é imposición!!!????????? O galego é parte da nosa cultura e deberiamos mantela e respectala... As linguas están para comunicarse, cantas máis se falen mellor... O que non se debe facer e negarse a usar unha... Eu cando estou con un castelán falante que non fala nin entende galego, falo castelán... Oxalá puidese falar máis linguas... *(Luís)*

Le a ficha que che entregou o profesor. Estás de acordo co que di? Exponlle a túa postura ao resto da clase.

Exemplo:

- Claro que a lingua é coma unha nai, pero tamén os fillos adoptados lles queren ás súas nais.



Repaso

1. Completa usando verbos dos recadros en pretérito de indicativo.

estudar aprender (3) nacer marchar ir
funcionar falar comprar

..... inglés no colexio pero non case nada. libros, cds e vídeos para estudar na casa pero non O ano pasado dous meses a Irlanda e alí moito.

..... en Baracaldo, despois con meus pais a Barcelona. traballando nun hotel en París, así que tamén un pouco de francés.


2. Escribe cinco razóns polas que che interesou (ou/e interesa) estudar galego.



3. Para que usaches (usas ou vas usar) o galego? Marca unha ou varias respostas.

Para conversar con amigos ou familiares	<input type="checkbox"/>
Para viaxar	<input type="checkbox"/>
Para ler xornais e revistas	<input type="checkbox"/>
Para ler documentos e textos profesionais	<input type="checkbox"/>
Para ler literatura	<input type="checkbox"/>
Para ver a TVG	<input type="checkbox"/>
Para navegar por páxinas de Internet en galego	<input type="checkbox"/>
Para escribir correos electrónicos, cartas e outros documentos no meu traballo	<input type="checkbox"/>
Para escribir a amigos	<input type="checkbox"/>
Para facer exames	<input type="checkbox"/>
Outros...	<input type="checkbox"/>





Portfolio

1. Con cales destes estudantes te identificas máis? Marca o que teñas en común con eles.

Busco a alguén para facer un intercambio galego-inglés. Vivín en Londres porque os meus pais emigraran alí, pero agora volvemos a Galicia e quero falar mellor esta lingua marabillosa.

Queres que che axude co inglés?
Chámame!
Johnny. Telef. 981 542613

Asunto: clases de galego

Data: 27/06/07

De: rosagarciap@yuhoo.es

Para: cursos.linguaconlingua@escoladeveran.com



Sra. Directora:

Diríxome a vostede porque desexo matricularme nun curso de galego. Fun uns meses a clases deste idioma pero tiven que deixalo por motivos laborais. Estou especialmente interesada en cursos con traballo gramatical e tradución.

Agradecereille que me envíe toda a información sobre os cursos que imparten.

Atentamente,
Laura Esteban Santomé

2. Escribe ti un texto similar co teu perfil, os teus desexos e necesidades.

3. Contéstalle a Laura Esteban cos datos que tes do folleto da *Escola Lingua con Lingua* (Actividade introdutoria, exercicio 2).



Que sei facer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Falar de sensacións e dificultades na aprendizaxe das linguas.			
Relatar experiencias na aprendizaxe das linguas.			
Solicitar aclaracións ante dificultade de comprensión.			
Responder a cuestionarios sobre a experiencia nas clases de lingua.			
Pedir e dar información sobre cursos de galego.			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



Transcripción do audio

1. Actividade introdutoria: Ven aprender galego xa!

O galego é unha lingua románica, polo que se xa sabes algunha outra como castelán, catalán, italiano, portugués...terás moito camiño andado: axiña, se pos ben o oído, serás quen de entender perfectamente o fundamental. En caso de dúbidas, pregunta sen medo seguro que che axudarán amablemente. Son moitos os estudantes que levan pasado pola nosa Escola sen teren problemas.

O galego pódete abrir as portas de calquera outra das linguas románicas. Dámosche a oportunidade de aprender asemade o castelán e o galego, e esta última, ademais, pode introducirte no portugués debido á súa similitude. Co galego podes achegarte a países e persoas que nin pensaras.

Se vives fóra de Galicia podes irte afacendo á nosa lingua!

- Escoitaches a **Radio Galega**? Podes facelo en Internet: <http://www.crtvg.es>
- Miraches a Televisión de Galicia **vía satélite** ou **en Internet**? Faino en <http://www.crtvg.es>
- Liches prensa dixital en galego?, podes ler prensa dixital como o portal **Vieiros** <http://www.vieiros.com>
- Asistiches a algún curso de galego que se imparte no teu país? Pódeste informar en <http://edu.xunta.es>
- Fixeches algún **curso virtual de galego**? Podes seguir un en <http://e-galego.cesga.es/>
- Liches os clásicos universais en galego? Podes facelo en <http://bivir.com>
- Estudaches a literatura galega? Faino a través da **Biblioteca Virtual Galega**: <http://bvg.udc.es/>
- Usaches algún vocabulario galego-inglés? Podes consultar un en <http://galego.org.vocabulario.html>

Se todo isto non te convence ou non é suficiente, ven facer un curso con nós:

- Matricúlate xa nos **Cursos de lingua e cultura galega** no verán, organizados pola nosa Escola **Lingua con Lingua** de Santiago de Compostela: http://www.usc.es/gl/cursos/cur_galextran.jsp

2. Fonética.

<i>lingua</i>	<i>pais</i>	<i>país</i>	<i>Cesáreo</i>	<i>ferreiro</i>	<i>secretaria</i>
<i>secretaría</i>	<i>viúva</i>	<i>Cunqueiro</i>	<i>prexuízo</i>	<i>mariñeiro</i>	<i>trouxo</i>
<i>puideron</i>	<i>Rosalía</i>	<i>historia</i>	<i>Galicia</i>	<i>noite</i>	<i>Dieste</i>